



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E O CONCELLO DE CARIÑO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DIFUSIÓN CINEMATOGRAFICA CINEMAS DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *Director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou co **Concello de Cariño** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data de sinatura do convenio ata o 3 de decembro de 2017**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Apoiar a programación cinematográfica no Concello de Cariño durante o ano 2017 mediante un programa e exhibición de filmes, denominado Cinemas de Galicia, manténdose así unha programación estable e de calidade, impulsando a labor de difusión e creación de públicos

A carteleira é seleccionada polo Concello a partir do catálogo elaborado e proposto pola Agadic

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus fins de fomento de demanda de produtos culturais, considera esencial o establecemento de accións conxuntas co Concello de Cariño que permitan a súa participación no desenvolvemento deste programa con fin de contribuír a este labor de difusión do cine

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

